



NORMAS DO MERCADO MEDIEVAL

FESTA DO BOI 2019

1.- DURACIÓN E HORARIOS:

O mercado terá lugar o domingo 16 de xuño de 2019 de 11.00 a 20.00 horas. A montaxe dos postos sería entre as 09.00 e 11.00 dese día e a desmontaxe realizarase a partir das 20.00 horas sendo necesario que este totalmente libre antes das 21.00 horas.

2.- INSCRIPCIÓN:

1. Poderán participar no mercado todas aquelas persoas que realicen a solicitude en tempo e forma e cumpran os requisitos establecidos.
2. No mercado medieval poderán participar os postos relacionados coa alimentación e traballos artesanais, e na súa selección terase en conta a orixinalidade, calidade, presentación e elaboración artesanal.
3. Establecese como prazo máximo para enviar a solicitude o día 15 de maio de 2.019. Ditas solicitudes presentaranse a través de correo electrónico na seguinte dirección:

festadoboi@allariz.com.



4. *As inscricións deben enviarse coa documentación que a continuación se detalla, aquelas que non presenten a documentación requirida quedarán descartadas:*

- Modelo de Solicitude de Inscrición debidamente cumprimentado.

- Fotografía dos produtos para traer. (En caso de non dispoñer da foto, detallar os produtos de venda).

5. *As persoas responsables dos postos serán tamén responsables da legalidade da súa xestión (actividade profesional, fiscalidade, contratación, seguridade e hixiene, montaxe, mantemento e funcionamento...)*

6- *E de obrigado cumprimento para todos os posto do mercado admitidos ter un seguro de responsabilidade civil.*

3.- MONTAXE :

O Mercado celebrarase na rúa Pepe Puga, no seguinte horario:

domingo 16 de xuño de 11:00 a 20.00

A descarga de material levarase a cabo no menor tempo posible. Unha vez descargado o material o vehículo será retirado co fin de facilitar o labor aos compañeiros.

Os expositores comprométense a cumprir co horario que estableza a organización en canto a apertura e peche.



A organización pon a disposición do mercader un posto de madeira de 2.40m de longo por 0.90m de ancho e deberá ser montado por cada participante.

4.- DECORACIÓN E VESTIARIO:

É obrigatorio aos participantes no mercado que vaían permanecer nas paradas estean ataviados con vestimentas medievais, quedando prohibido a estas persoas a utilización de roupa de rúa.

Todos os postos deben presentar un aspecto medieval polo que a decoración das mesmas é fundamental.

5.- EXPOSICIÓN E VENDA:

- A asignación de espazos corre a cargo da Organización de Mercado.*
- Os expositores non poderán ocupar maior espazo do solicitado e aprobado.*
- O participar en anteriores edicións non garante a participación nesta e a ocupación do mesmo lugar.*
- Todos os expositores comprométese a comercializar unicamente os produtos reflectidos na solicitude.*



-Manter a súa estancia no mesmo, desde a súa inauguración ata a súa clausura, debendo permanecer atendida a parada de forma ininterrompida durante a totalidade do horario de apertura do Mercado.

- Contribuír co mantemento da orde e a limpeza das zonas comúns, debendo deixar a superficie ocupada a clausura do Mercado, nas mesmas condicións en que o atopou.

***IMPORTANTE:** O envío da inscrición do solicitante supón a aceptación de todos os puntos reflectidos nestas bases.*